

Monte Porreiro sairá á rúa o 4 de abril para protestar polos realoxos no barrio

PONTEVEDRA | Os veciños de Monte Porreiro dan por rematada a tregua concedida ao Concello de Poio e á Xunta para que lles dean garantías de que as tres familias do poboado do Vao que foron realoxadas na urbanización no voltarán aos pisos que ocupaban nas rúas Alemaña e Portugal. Convocan unha manifestación que terá lugar o 4 de abril, a partir das 20.30 horas. A marcha partirá do Recinto Feiral e pasará pola ponte de Santiago, Cobián Roffignac, Daniel de la Sota, Peregrina, Joaquín Costa, Cobián A real e Benito Corbal, onde os participantes na mobilización farán unha parada para protestar diante do edificio administrativo da Administración galega. A manifestación finalizará na praza da Ferrería, onde un voceiro veñíal leará un manifesto. Entre as medidas de presión que levarán a cabo os veciños de Monte Porreiro figura a que realizarán hoxe coa súa presenza no Pleno de Poio. Por outra banda, o voceiro do PP no Concello de Pontevedra, Telmo Martín, deixou onte claro que o seu grupo só secundará a protesta convocada polos veciños de Monte Porreiro se convida a toda a Corporación Municipal. "Se os veciños nos convidan a unha manifestación estaremos aí, sempre e caudo conviden ós tres grupos", manifestou. Martín insistiu na necesidade de conseguir unha fronte común da Corporación Municipal en contra do traslado a Monte Porreiro de familias xitanas do Vao.

O PP propón que o Concello asuma a concesión do porto das Corbaceiras

Martín suxire que a zona portuaria sexa xestionada por unha empresa municipal

Beatriz Martínez

PONTEVEDRA | O grupo municipal do PP propuxo onte que o Concello de Pontevedra quede coa concesión administrativa da zona portuaria e de ocio que está previsto crear nas Corbaceiras e constitúa unha empresa municipal para a xestión dese espazo público. O voceiro 'popular', Telmo Martín, manifestou en rolda de prensa que se o fora o alcalde capitalino apostaría por que a remodelación integral que ten proxectada Portos de Galicia na zona -o ente público autonómico é titular da totalidade dos terreos- fose "unha actuación municipal". Para elo, o xefe de filas do oposición propón que o Concello solicite a concesión administrativa deste espazo portuario e constitúa unha empresa municipal "que nos permitiría financiar a actuación na zona sen custe para as arcas municipais".

Martín amosouse convencido de que a xestión a través dunha sociedade limitada con capital municipal dos locais e servizos previstos no antigo porto da capital -estación marítima, parking subterráneo e locais comerciais e hosteleros- permitiría financiar a obra de remodelación proxectada. O voceiro 'popular' puxo como exemplo a actuación desenvolvida no porto de Sanxenxo durante o seu mandato como rexedor dese concello costeiro. Lembrou que a conversión dese zona nun porto deportivo e nunha zona comercial



O voceiro do grupo municipal do PP plantea xestionar a remodelación da zona das Corbaceiras dun xeito semellante á actuación no porto de Sanxenxo a través da empresa de capital municipal Nauta Sanxenxo. JAVIER FREIRE

e de ocio supuxera un investimento de 17 millóns de euros e, grazas á xestión da empresa municipal Nauta Sanxenxo, "en tres anos xeráronse ingresos suficientes pola venda de locais e pantaláns para financiar o custe das actuacións". Tras detallar a súa proposta, Martín dixo que "agora tócalo ó alcalde recollela e dicir se quere dar pasos nese senso", descartando a súa presentación formal a través dunha moción ó Pleno.

Recuperación da fachada litoral

Telmo Martín comentou que a súa proposta para que o Concello lidere a actuación de remodelación na zona das Corbaceiras "debería ser un primeiro paso para un proxecto máis amplo de recuperación da fachada litoral desde As Corbaceiras ata

Os Praceres". O xefe de filas do do PP local salientou que este espazo "é unha zona ambiental para abrir Pontevedra ó mar", e lembrou que unha das propostas do seu programa electoral era dar continuidade á Alameda cara ó porto.

¡¡Que NO le confundan!!
ACESOL es el único Calor Azul

ATENCIÓN AFECTADOS
 TARIFA NOCTURNA
 Consulten en nuestra tienda

ACESOL
 EL CALOR AZUL

Avda. de Vigo, 27 (esquina Ponte Boieira) • Telf. 986 85 16 43 • 36003 Pontevedra
 Comercial zona Morrazo: Telf: 670 719 433 (Jose Luis)

Delhi Palace
 Restaurante INDIO

Comida para llevar

Menú del Día
 1 Pers. 7.95€
 2 Pers. 15.00€

C/ San Sebastián, 23
 (Plaza de La Verdura)
 PONTEVEDRA
 Teléfono 986 843 517
 Aire Acondicionado

Dr. GABRIEL VILLAVERDE RAMÍREZ

Centro exclusivo de
 periodoncia e implantes dentales

A partir de Semana Santa trasladamos nuestras instalaciones a la calle Loureiro Crespo n.º 13, 2.º A-B Pontevedra (Frente Urgencias del Hospital Provincial)

Telf./Fax 986 842 610 / 986 840 850

GRACIAS POR VUESTRA CONFIANZA

CAFETERÍA
Samare
 BURGUER

BOCATERÍA
 BOCADILLOS PARA LLEVAR

Avda. de San Xoan, 8. POIO
 www.cafeteriasamare.es
 Telf. 986 77 13 12

DE
 TODO
 EN TU
 CIUDAD